

### III certame de Banda Deseñada AX1 IES Arcebispo Xelmírez I

O pasado 21 de maio de 2015 reuniuse na biblioteca do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela o xurado do III Certame de Banda Deseñada AX1, constituído polas persoas que a seguir se citan:

- D. Paulo Porta, profesor de debuxo do IES A. Xelmírez I,
- Dna. Marina Buján, traballadora da ORE da Universidade de Santiago de Compostela e creadora do blog sobre banda deseñada <http://project-81.blogspot.com.es>,
- D. Armando Requeixo, ensaísta e tradutor, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Española de Críticos Literarios e o Centro PEN Galicia,
- Dna. María Cuquejo, en representación da Secretaría Xeral de Política lingüística. Exerce de secretaria Dna. Sagrario Torrado, profesora do centro e coordinadora do EDL, con voz e sen voto.

Tralas pertinentes deliberacións, o xurado decide por unanimidade o seguinte:

#### • **Categoría de 12 a 16 anos:**

1. Conceder o primeiro premio, dotado con 500 €, ao traballo **¡MEH!**. O xurado xustifica a súa decisión baseándose na intuición gráfica, na capacidade de síntese e a expresividade dun cómic, que cun emprego exiguo de recursos e partindo dun argumento pouco pretencioso consegue engaiolar ao lector. Destaca tamén a orixinalidade no viñetado, a limpeza e acabado da obra, unha estrutura narrativa ben trabada, e un bo aproveitamento dos recursos propios do xénero, que dan forza ao conxunto da historia.

Aberta a plica, os nomes das gañadoras corresponde son **Paula Amor Díaz**, **Andrea Barcia García** e **Celia Gasalla Sánchez**, alumnas do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo.

2. Premiar en segundo lugar a obra **Lorenzo, o ladrón de cómics**. O xurado fundamenta este 2º premio, dotado con 200 €, no detallismo dunha obra que xoga a indisciplinarse, cun viñetado que rompe co esquema establecido, aproveitando ben a estrutura da páxina. O autor, partindo dunha base aparentemente pouco ambiciosa, preséntanos unha historia libérrima e orixinal, que fía, viñeta a viñeta, unha encantadora araña, que protagoniza á vez unha historieta paralela.

Aberta a plica, os nomes dos gañadores son **Alba Jiménez Pello** e **Mario Acuña Caldas**, do IES de Poio.

#### • **Categoría de 16 anos en diante:**

1. Outorgar o primeiro premio desta categoría, dotado con 500 €, ao traballo **O voo da vacaloura**. Os xurados coinciden, ao premiar esta obra tradicionalista, en fundamentar a súa decisión no pulso do/da debuxante, o detallismo e meticolosidade no trazo e os valores e forza que transmite a historia. Unha obra que coas sóas palabras do título e o vigor das imaxes en branco e negro debuxa na mente do lector unha historia da vida, chea de información contida: a casa, a labranza, o traballo, as idades, en definitiva, a loita contra a escuridade que comeza co nacemento e remata coa morte.

Aberta a plica, o nome do gañador é **Cristian Fojón Caruncho** do IES Ortigueira.

2. Conceder o segundo premio, dotado con 200 €, a **Philip**, unha obra que une a calidade estrutural e a claridade conceptual, empregando técnicas gráficas avanzadas. O xurado destaca o xogo coas cores para distinguir as emocións do

protagonista en dúas partes ben diferenciadas, e une ao aspecto artístico o que se refire aos recursos verbais: o emprego coidado do galego e o equilibrio entre texto e imaxe. Por último, o xurado gaba o feito de que o cómic transmita unha idea vitalista e esperanzada.

Aberta a plica, o nome da gañador é **Sarela Lorenzo Robledo**, do IES Francisco Aguiar de Betanzos.

Asinan esta acta de resolución do III Certame de Banda Deseñada AX1

Paulo Porta Martínez Marina Buján Prévot

María Cuquejo Enríquez Armando Requeixo Cuba

Sagrario Torrado Blanco

En Santiago de Compostela, a 21 de maio de 2015